

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de novembro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para exposición, venda e taller de reparación de vehículos industriais e turismos, na estrada N-640, P.K. 89, A Campiña, San Salvador de Muxa.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma e ampliación de edificio con licenza número 592/08, quedando descrito como segue: edificio composto de planta baixa para garaxe aparcadoiro e rochos, entresollado independente, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para catro vivendas, en solo urbano na rúa Milagrosa, número 79; para construír unha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Bosende Arriba, San Pedro Fiz de Muxa, polígono 517, parcela 183; para segregación da parcela matriz, cunha superficie de 5.926,16 m² en dúas parcelas, coas seguintes superficies, parcela 1 cunha superficie de 4.447,35 m² e parcela 2 cunha superficie de 1.478,81 m², na estrada da Coruña, números 101-103; para reforma de fachada en planta baixa no edificio existente na rúa Miguel de Cervantes, número 10, esquina rúa Castelao; para construír un almacén anexo a vivenda unifamiliar con licenza anterior número 546/01, sita no núcleo rural tradicional de Cabo de Vila-Vilamiñao-Cuíña, parroquia de Santalla de Cuíña e para legalización de forxado de entresollado

e modificación de escaleiras, no edificio construído coa licenza municipal número 377/1980, sito na rúa Andoriñas, números 5-15.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á prestación das actividades de animación sociocultural levadas a cabo pola Concellería de Xuventude para o período máximo dun ano contado dende o 8 de outubro de 2011 ou ata formalización dun novo contrato.

Tamén se acorda a revisión de prezos para actualización do contrato subscrito coa adxudicataria da concesión de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, correspondentes ao canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 30 de xuño de 2012, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2011 e o 31 de xaneiro de 2012, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 02/09/02 dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011 e á ampliación de diferentes servizos de limpeza e recollida que entrou en vigor o 1 de abril de 2007 para o período que vai do 1 de abril de 2011 ao 31 de marzo de 2012.

Acórdase a revisión de prezos para o período que abrangue dende o 16 de novembro de 2010 ata o 15 de novembro de 2011 para actualización do contrato administrativo subscrito coa adxudicataria do Servizo de Vixilancia no Fogar do Transeúnte do Excmo. Concello de Lugo e cuxa prestación corresponde a “Sequor Seguridad, S.A., Social” subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do contrato.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte- 2011 e da apertura do procedemento de adxudicación.

4. FACENDA LOCAL.- Aprobase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de xullo de 2011, ó seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para legalización de entresollado e adecuación de local para dúas oficinas no edificio sito na rúa Rafael de Vega, 5, por importe total de 2.753,91 €, por non terse descontado o importe xa ingresado a través de autoliquidación.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó declararse a caducidade do expediente de licenza para adecuación de local para oficina de farmacia na planta baixa e construción de entresollado para instalacións no edificio sito na avda. Carlos Azcárraga, 35.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a modificación da finalidade da subvención nominativa incluída en bases da execución do Orzamento xeral de 2011. Base execución número 24. subvencións nominativas. Zona rural.

Lugo, 16 de novembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García